



22 de outubro **Familias diversas**


Hoxe visítanos a ratiña Carolina. Vainos falar da súa mamá Rita que é a directora da banda de música de Lonxedetodo e da súa mamá Rosalinda, desactivadora de trampas para ratos. Carolina está empezando a pensar qué quere ser de maior. **Contos:** *Mi papá es un payaso; Families, families, families!*



10 de decembro **O que non sabías do Nadal**


A ratiña Faifá sabe sobre a orixe do Nadal no mundo. Percorreu moitos países e coñece diferentes xeitos de festexo e os personaxes que lle levan agasallos ás nenas e nenos!

Contos: *Mini enigmas de Navidad; La Navidad desconocida; Olivia recibe la Navidad.*




11 de febreiro **Aventuras na cociña**

A parte de artista, Lilí Gruyère é unha gran cociñeira. Hoxe vai preparar en directo, con axuda sorpresa, un menú moi san. Nesta sesión trátase o tema da alimentación e propóñense hábitos saudables... **Contos:** *El jarrón del fondo del lago; Sopa verde.*



12 de novembro **Poderes hipnóticos**

A gran Lilí Gruyère é unha ratiña que percorre os principais teatros do mundo cantando, bailando e facendo maxia. Hoxe preséntanos un increíble espectáculo de hipnotismo en compañía do seu amigo o rato Fuco. **Contos:** *A Fillla do Sol e da Lúa; Onde está o meu zapato?*




14 de xaneiro **O coro do rato Fuco**

O rato Fuco está entusiasmado co traballo que ten por diante: formar un coro, dirixilo e gañar o concurso de música coral que organiza o Concello. Para isto contará coa axuda da súa amiga Lilí Gruyère. **Contos:** *Herman y Rosie; Inés del revés; O gato lambón.*



25 de febreiro **Un agasallo para Lilí**

Ás veces un pode meterse en problemas por non respectar límites. Será capaz Fuco de non probar as deliciosas galletas que preparou para agasallar a Lilí Gruyère no seu aniversario? **Contos:** *¡No dejes que la paloma conduzca el autobús!; Alex e o rato de corda.*



26 de novembro **Asociación de animais solidarios**

Os ratos de Lonxedetodo formaron a Asociación de Animais Solidarios vendendo os problemas que provoca o cambio climático na fauna mundial. Comezan a recibir chamadas de animais que procuran axuda. **Contos:** *A casa da Mosca Chesca; El gallo que no sabía cantar; El último tigre.*



28 de xaneiro **Ímolo pasar de medo!**

Nas "veladas de medo" dos Ratos de Lonxedetodo cóntanse contos, cántanse cancións e fanse xogos: Pásase un chisquiño de medo pero sobre todo rise e divírtese.


Contos: *Fab o monstro amarelo; A casina de chocolate; La casita de turrón.*



11 de marzo **As illas do tesouro**

A Ratiña Carolina pídelles axuda ao seu irmán Pillo para planificar unha expedición na busca dun tesouro mergullado na costa das illas Sisargas. O seu plan é rescatalo co principio científico da campá de inmersión. **Contos:** *Belisario; La oveja Carlota; La casa de los pequeños exploradores.*


TEATRO Fazendo



O pequeno raposo

Trinketinke teatro

CONTOCOS TEATRA



Avós

Trinketinke teatro

CONTOCOS TEATRA

NON MAIS GUERRAS



CONTOCOS TEATRA

18 de marzo
Fazendo teatro

Ao rato Fuco gústalle moito o teatro, sobre todo pola súa dimensión lúdica e grupal. Hoxe vai dirixir a obra "O Pequeno Raposo", representada por algúns dos asistentes, que trás uns pequenos xogos estarán listos para actuar. **Contos: O pequeno raposo. Fábulas y Criaturas Mágicas: maquillajes, máscaras y escenificación.**

1 de abril
Avós

O ciclo da vida e o respecto aos anciáns son os dous temas deste espectáculo. Faiña cñtanos como un di! axudou á avó Catuxa a plantar unha maceira. Agora cando come unha mazá, lembrase dela. Contarános contos que a avoa lle contou e coa música que a ela lle gustaba. **Contos: A arbore xenerosa. Avós.**



O mar

Trinketinke teatro



CONTOCOS TEATRA



Trinketinke teatro

CONTOCOS TEATRA

29 de abril
O mar

A ratiña Faiña encñtalle o mar. Gústalle ir á Praia de Lonxedetodo para miralo e soñar. Tamén dá paseos pola beira collendo cousas naturais e ás veces lixo que recícla e ao que lle da un uso ben bonito! **Contos: Chimpate Pepa; Benxamín?; El canto de las ballenas; Nadarín.**

13 de maio
Coreas e persoas

Un paseo respectuoso por un mundo diverso da man de Lillí Gruyère. Abórdase o problema do acoso escolar e dase a coñecer a realidade trñs-xénero na infancia (coa colaboración da psicóloga Chus Díaz Anca.) **Contos: Qué le pasa a Uma?; Soy Jazz; Pearl Power and the toy problem.**

27 de maio
Traballos de verñ

Achégase o verñ e os nosos ratos teñen planeado traballar de camareiros para gañar uns cartños. Hoxe van practicar un pouco na biblioteca. A ver que tal lles sae... **Contos: O frautista de Hamelín; Juan el Perezoso (Lazy Jack).**



Los Ratos de Lonxedetodo

Na Biblioteca Rego da Balsa

Mércores, ás 17.30 e 18.30 h
INSCRIPCIÓN PREVIA EN CARBALLO.GAL

Trinketinke teatro

(DESDE UNHA SEMANA ANTES)

BIBLIOTECA REGO DA Balsa

concello CARBALLO